



## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA**

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesiões da Casa do Concello, o día 24 de xuño de 2021, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de maio de 2021.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes maio de 2021.
3. Toma de coñecemento da renuncia de D. Jesús López Rodríguez ao cargo de Concelleiro, xunto con catro renuncias mais das persoas integrantes da mesma candidatura de "Vilagarcía en Común (en común)", correspondente ás eleccións municipais de 2019.
4. Aprobación, se procede, do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 03/REC/2021.
5. Aprobación inicial, se procede, de Expediente de Modificación Orzamentaria por crédito extraordinario Nº 01/CE/2021 e de cambio de finalidade de financiamento afectado nº 01/CF/2021.
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
7. Aprobación, se procede, da moción presentada pola voceira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para solicitar a modificación do Decreto 14/2019, de desenvolvemento da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, para compatibilizar o cobro da RISGA co Ingreso Mínimo Vital.
8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE pola comunicación directa de Vilagarcía de Arousa a Madrid a través do ferrocarril.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para esixir ao Goberno de España a inclusión da estación ferroviaria de Vilagarcía no itinerario do novo servizo de tren directo que une Vigo e Madrid.
10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central a retirar o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.
11. Aprobación, se procede, da solicitude de comparecencia do Concelleiro de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais D. Lino Mouriño Santiago formulada polos grupos políticos municipais do PP, Podemos-Marea da Vila, BNG e Ciudadanos.
12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

Vilagarcía de Arousa, 21 de xuño de 2021.

O ALCALDE-PRESIDENTE,  
Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A SECRETARIA XERAL,  
Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada